

Rap



Edita: Xunta de Galicia
Presidencia
Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega).


Lugar: Santiago de Compostela
Ano de publicación: 2022

Este documento distribúese baixo licencia Creative Commons Atribución Compartir baixo a licencia 4.0 Internacional (CC BY-SA 4.0)
Dispoñible en: <https://creativecommons.org/licenses/by-sa/4.0/deed.gl>

Contidos

1. Presentación: estratexia e contexto dixital galego	4
2. Rapaciñ@s dixitais: acceso ás tecnoloxía	9
2.1 Acceso e uso d@s rapaciñ@s a dispositivos dixitais	10
2.2 Uso de Internet	31
2.3 Comparacións por idades	40
3. Equipamentos	46
3.1 Equipamentos dos fogares d@s rapaciñ@s	47
3.2 Equipamentos nos centros educativos	51
4. Conclusións	56
5. Outros estudos relacionados de OSIMGA	58





1. PRESENTACIÓN

1.1 Rapaciñ@s dixitais

O informe de Rapaciñ@s dixitais, que elabora OSIMGA por primeira vez, é unha aposta por estender aínda máis o abano da análise da dixitalización que realiza da sociedade galega e comprobar en que medida está a evolucionar positivamente desde as idades máis temperás. A incorporación autónoma á vida dixital prodúcese cada vez antes a través do uso de ferramentas para a comunicación, o lecer ou a educación das que ningún rapaciñ@ debería quedar atrás.

Por primeira vez difúndense os resultados do módulo da enquisa estrutural aos fogares, que desenvolve anualmente o Instituto Galego de Estatística (IGE), que vai dirixida á poboación máis moza, á de 5 a 15 anos. Para coñecer a dixitalización deste colectivo, a información foi proporcionada polos adultos titores que ofrecen datos sobre o grao de dixitalización das rapazas e rapaces. En concreto:

- Uso de teléfonos móbiles con capacidade de acceso a internet.
- Uso doutros dispositivos móbiles con capacidade de acceso a internet (tablet, PDA...)
- Uso de ordenadores de sobremesa e portátiles.
- Uso de internet e frecuencia.



Todas as variables anteriores poden ser comparadas por xénero, áreas xeográficas e se residen nunha vivenda en “risco de pobreza”*. Tamén se incorporan no informe indicadores sobre a dixitalización dos fogares nos que viven @s rapaciñ@s, comparándoos co do resto de fogares.

A ampla mostra de vivendas da enquisa estrutural a fogares permítenos por primeira vez acceder a unha descrición precisa do uso de ferramentas dixitais da xente máis nova, amosando así esta nova realidade para a que teñen que estar preparados titores/as, educadores/as e administracións.

*Considérase que unha persoa está en risco de pobreza cando o seu ingreso equivalente é inferior ao limiar de risco de pobreza de Galicia, que se establece no 60% da mediana de ingresos equivalentes. Os ingresos equivalentes son o resultado de dividir os ingresos do fogar polas unidades de consumo do fogar.

1.2 Estratexia Galicia Dixital 2030

A incesante transformación dixital da sociedade galega materialízase a través de novas formas de traballar, xestionar servizos, tratar coa administración, formarse e aproveitar o tempo de lecer. É unha auténtica revolución, que é apoiada pola Administración Autonómica Galega mediante diferentes instrumentos vertebrados a través da Estratexia Galicia Dixital 2030 (EGD2030). A EGD2030 está centrada no novo contexto da transformación dixital, onde a capacitación dixital de toda a cidadanía é un obxectivo prioritario e dará lugar a unha "Sociedade Dixital Inclusiva, promovendo as competencias dixitais para non deixar ningúen atrás". Pon así a énfase na atención aos diferentes colectivos, zonas e perfís que poidan ter máis dificultades na incorporación á dixitalización. Neste contexto crece a importancia de aportar análises máis desagregadas e especializadas sobre o alcance da dixitalización, en especial entre os colectivos máis vulnerables.

A adquisición de competencias dixitais comeza dende idades temperás, e interveñen factores do entorno social e familiar. Estes factores veñen amosando gran impacto nos diferentes niveis de desenvolvemento de competencias dixitais nos fogares e dos máis mozos e mozas. O nivel de competencias e usos dixitais dos pais/nais ou titores inflúen nos equipamentos dispoñibles e tamén na inmersión dixital dos membros máis novos do fogar. As fendas dos diferentes usos e accesos á dixitalización nos fogares son compensados en parte a través dos recursos do sistema educativo, que tamén teñen un espazo no último capítulo deste informe.

O achegamento ás tecnoloxías dixitais dos máis novos permitiralles acadar un mellor nivel de competencias dixitais no futuro, tendo en conta sempre os usos seguros e recomendables para garantir a súa protección, adaptados ao nivel de madurez e coñecementos dos nen@s en cada etapa vital.

Neste estudo faise unha análise da dixitalización da xente máis moza en Galicia a partir da explotación de dous módulos da enquisa aos fogares de Galicia:

- Usos de dispositivos e internet de nenos/as de 5 a 15 anos.
- Información sobre equipamentos nas vivendas onde residen nenos/as en idade escolar obrigatoria, de 3 a 16 anos.
- Comparativas con outros tramos de idade
- Engádense indicadores de fontes externas como o INE, o IGE e o Ministerio de Educación e Formación Profesional.



Para dar conta da evolución, preséntanse os resultados dos catro último anos das enquisas a fogares do IGE dende 2018 a 2021.

1.3 Economía e Sociedade Dixital en Galicia


Dinámicas da poboación galega

A Comunidade Galega conta cunhas características sociodemográficas particulares que deben considerarse cando se define o estado da sociedade dixital e inclusión dixital.

A poboación galega caracterízase por un nivel de avelentamento significativo, unha tendencia semellante á observada en toda Europa. A poboación galega acada unha media de idade de 47,7 anos fronte aos 44,7 anos de media de España e dos 44,1 anos da UE. Este indicador non deixa de crecer, polo aumento da esperanza de vida e baixa natalidade, que a inmigración non chega a compensar.

Menos do 12% da poboación de Galicia é menor de 15 anos, sumando arredor de 310 mil rapaces e rapazas, pero a súa concentración en determinadas áreas nas cidades ou as provincias de A Coruña e Pontevedra é aínda máis acusada que no caso da poboación global.

Máis do 75% da poboación reside nas dúas provincias occidentais de Galicia (A Coruña e Pontevedra) e existe, máis peso da poboación feminina (as mulleres representan o 52% da poboación galega). Son cuestións a ter en conta ao avaliar as políticas e accións que se traduzan nunha sociedade dixital máis inclusiva.



Fonte: INE. Estatística do Padrón Continuo. Datos provisionais ao 1 de xaneiro de 2021. Elaboración Propia

Máis do 80% do alumnado galego en centros de réxime xeral non universitaria en Galicia, faino en centros das provincias de A Coruña ou Pontevedra.




O alumnado das especialidades formativas máis tecnolóxicas está marcadamente masculinizado. Cabe preguntarse se esta diferenza de roles, pode ir acompañada de diferentes niveis de capacitacións e hábitos dixitais por xénero, fenómeno que se analiza ao longo deste informe e outros de OSIMGA.*

Nas carreiras tecnolóxicas (Enxeñarías, Informáticas...) os homes son clara maioría, mentres máis mulleres cursan ciencias sociais e humanidades. Na FP obsérvanse tendencias semellantes á universidade.

Por outra banda, as probas PISA, de rendemento dos estudantes aos 15 anos indican, no informe 2018, que Galicia lidera a puntuación estatal a nivel de Ciencias e tamén mellora a media estatal e da OCDE en Matemáticas. Na segunda, os homes melloran lixeiramente o rendemento das mulleres.

Distribución da poboación en Galicia



* <http://www.osimga.gal/gl/informes/competencias-dixitais-da-poboacion-galega-ano-2020>

Fonte: IGE. Mapa de densidade da poboación

1.4 A dixitalización dos fogares galegos

Dixitalización dos fogares galegos (ano 2021).



O dispositivo con uso máis estendido entre a cidadanía de Galicia é o teléfono móbil con capacidade de acceso a Internet –smartphone– (90,7% da poboación).

Máis de 1.750.000 persoas de 16 a 74 anos utilizaron Internet nos últimos tres meses, o que representa un incremento de máis de 177.000 internautas nos últimos catro anos.




Entre os/as galegos/as que utilizaron Internet nos últimos tres meses, un 92,4% faino a diario, dato que supera lixeiramente a media estatal (91,4%).

A porcentaxe de internautas que interactuaron coas Administración Públicas a través de Internet durante o ano 2021 para obter información foi do **81,9%**, o que supón un incremento do 9,2% con respecto ao 2020 e sitúa a Galicia por riba dos valores estatais e europeos.



Fogares galegos con internet contratado. Evolución

(% sobre o total de fogares onde reside unha persoa de 16 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA + IGE 2021



En 2021, un 78,7% dos fogares galegos dispoñía dalgún tipo de ordenador, o que supón que no transcurso dun ano este indicador elevouse un 3%.

Fogares galegos con ordenadores. Evolución

(% sobre o total de fogares onde reside unha persoa de 16 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA + IGE 2021

Tal e como se recolle no estudo *"Galicia. A nosa vida en dixital. A Sociedade da Información nos fogares galegos. Edición 2021"*, o 92,2% dos fogares galegos con persoas de 16 a 74 anos contan con internet contratado, cun incremento do 2,1% respecto a 2020.

Nese último ano incrementouse nun **10,3%** o número de fogares con velocidade de conexión a internet contratada superior aos 100 Mbps, acadando o 30% dos que dispoñen de conexión.

Fogares con internet contratado. Ano 2021



Fonte: OSIMGA + IGE 2021



2. Rapaciñ@s dixitais: acceso ás tecnoloxías




2.1 Acesso e uso de dispositivos digitais



2.1 Rapaciñ@s e moz@s: uso de dispositivos electrónicos

Uso de teléfonos móviles con capacidade de conexión a internet, ordenador de sobremesa ou portátil, táblet e similares.

Usou algún dispositivo electrónico nos últimos tres meses



Fonte: Fonte: OSIMGA + IGE Base: Persoas de 5 a 15 anos



Fonte: Fonte: OSIMGA + IGE Base: Persoas de 5 a 15 anos


O 91,5% dos/as rapaciñ@s de 5 a 15 anos usaron dispositivos electrónicos no último ano (teléfonos móviles con capacidade de conexión a internet, ordenador de sobremesa ou portátil, táblet e similares). O crecemento é do 9,3% nos catro últimos anos.

Por idades, cabe salientar que a práctica totalidade (98,9%) dos rapaciñ@s de 10 a 15 anos empregan dispositivos electrónicos fronte ao 81,6% no caso dos máis pequen@s de 5 a 9 anos


As diferenzas de xénero son case mínimas, cun punto porcentual a prol dos rapaces.

2.1 Rapaciñ@s: uso de dispositivos electrónicos

Usou algún dispositivo electrónico nos últimos tres meses: Nenos/as de 5 a 15 anos



Fonte: Fonte: OSIMGA + IGE Base: Persoas de 5 a 15 anos




Fonte: Fonte: OSIMGA + IGE Base: Persoas de 5 a 15 anos



O uso de dispositivos electrónicos dos/as rapaciñ@s é bastante homoxéneo por provincias, situándose por riba do 86% en todas e liderado por Pontevedra co 94,5%.

O nivel socioeconómico non determina de xeito significativo o nivel de uso de dispositivos dixitais en Galicia. Os fogares con menos ingresos están a só 2,4 puntos porcentuais do uso nos fogares de ingresos superiores.

2.1 Convivencia de rapaciñ@s e uso das tecnoloxías por parte dos adultos




Fonte: Fonte: OSIMGA + IGE Base: Persoas de 16 a 74 anos



Convivir con nenos/as en idade escolar obrigatoria (3 a 16 anos), é sinónimo de maior uso de dispositivos dixitais por parte das persoas adultas (97,7%), superando en 8,8 puntos porcentuais á media dos fogares onde non conviven con nenos/as.

2.1 Rapaciñ@s e o uso do ordenador

Usou ordenador nos últimos 3 meses: nen@s de 5 a 15 anos




Fonte: Fonte: OSIMGA + IGE Base: Persoas de 5 a 15 anos

O uso de ordenadores nos últimos tres meses entre os/as rapaciñ@s xa acada o 64,6% en 2021 e case todos/as utilízano tamén para conectarse a internet.


O uso de ordenadores para conectarse a internet crece de xeito paulatino en xeral en 2021. Os máis pequenos/as tenden a usar outros dispositivos, veremos o ascenso imparable das tablets, netbooks, smartphones...

Obsérvase unha lixeira diferenza de menos de dous puntos porcentuais por nivel de ingresos no fogar no uso de ordenadores polos/as rapaciñ@s,.



Fonte: Fonte: OSIMGA + IGE Base: Persoas de 5 a 15 anos


* Non se inclúen datos de 2018 na comparativa porque a enquisa utilizaba unha definición diferente.




Fonte: Fonte: OSIMGA + IGE Base: Persoas de 5 a 15 anos

2.1 Rapaciñ@s e o uso do ordenador

Usou ordenador nos últimos 3 meses: nen@s de 5 a 15 anos



Fonte: OSIMGA + IGE Base: Persoas de 5 a 15 anos



Fonte: OSIMGA + IGE Base: Persoas de 5 a 15 anos


O uso de dispositivos dixitais xa está moi estendido entre rapaciñ@s de 10 a 15 anos e sitúase por riba do 80%.

O uso de ordenadores nos *últimos tres meses* por xénero dos/as rapaciñ@s presenta unha diferenza de dous puntos a prol dos rapaces, distancia que se duplica se son menores de 10 anos e redúcese a un punto entre 10 e 15 anos.


2.1 Rapaciñ@s e o uso do ordenador

Usou ordenador nos últimos 3 meses: nen@s de 5 a 15 anos

Por provincia



Nos concellos con maior número de habitantes




Fonte: OSIMGA + IGE Base: Persoas de 5 a 15 anos

Por provincias: Pontevedra lidera o uso de ordenadores dos/as rapaciñ@s. Todas as demais provincias acadan valores moi próximos, con máis do 60% de usuari@s en 2021.

Os concellos con maior número de habitantes seguen tendencias semellantes ás das provincias. As dúas cidades con maior uso de ordenadores entre rapaciñ@s son as da provincia de Pontevedra, con máis do 71%. Son ademais os únicos concellos que superan o promedio de uso de ordenadores dos concellos non-urbanos.

2.1 Rapaciñ@s e o uso do ordenador

Usou ordenador nos últimos 3 meses: nen@s de 5 a 15 anos




Fonte: OSIMGA + IGE Base: Persoas de 5 a 15 anos

O tamaño do concello onde residen condiciona o uso do ordenador. A porcentaxe máis elevada de uso de ordenadores entre @s rapaciñ@s en 2021 obsérvase en municipios intermedios, entre 10 e 20.000 habitantes.

2.1 Rapaciñ@s e o uso do ordenador

Usou ordenador nos últimos 3 meses: nen@s de 5 a 15 anos




Os datos máis destacados no nivel de uso de ordenadores para conectarse a Internet en 2021, superando o 70% de rapaciñ@s, rexistráanse nas seguintes áreas:

- Áreas da provincia de Pontevedra: Vigo, Pontevedra e Paradanta, Condado e Baixo Miño.
- Áreas da provincia de Lugo: Chantada, Quiroga e Terra de Lemos


Fonte: Fonte: OSIMGA + IGE Base: Persoas de 5 a 15 anos

2.1 Rapaciñ@s e o uso de smartphone

Usou smartphone nos últimos 3 meses: nen@s de 5 a 15 anos



Evolución do uso do smartphone para conectarse a internet nos últimos 3 meses: nen@s de 5 a 15 anos




No último ano, o 59,4% de nenos/as de 5 a 15 anos utilizaron smartphone, a maior parte deles (55,4%) para conectarse a internet, cun crecemento do **7,4%** no último ano

A análise detallada por idades indica que o uso do smartphne dos rapaciñ@s de 10 a 15 anos supera o 75% e redúcese ao 33% no caso dos nenos/as de 5 a 9 anos.

2.1 Rapaciñ@s e o uso de smartphone

Usou smartphone nos últimos 3 meses: nen@s de 5 a 15 anos



Fonte: OSIMGA + IGE Base: Persoas de 5 a 15 anos


A nivel de xénero, ao contrario doutros dispositivos, no uso de smartphones levan unha lixeira vantaxe as rapazas, tanto nas de menos de 10 anos como as de 10 a 15 anos.

Ao contrario que a maioría dos indicadores, o uso de smartphone de rapaciñ@s en fogares en risco de pobreza é máis alto (66,6%) que nos fogares que non están nesta situación (57,3%).


2.1 Rapaciñ@s e o uso de smartphone

Usou smartphone nos últimos 3 meses: nen@s de 5 a 15 anos

Por provincia



Nos concellos con maior número de habitantes




Fonte: OSIMGA + IGE Base: Persoas de 5 a 15 anos

A análise do smartphone segundo provincias destaca un maior uso en Ourense e Pontevedra, con máis do 62,5% de rapaciñ@s usuarios/as de smartphone en 2021.

Os resultados nos concellos con maior número de habitantes son dispares, o nivel de uso de smartphone de rapaciñ@s non son maiores en xeral que nos concellos non urbanos. Destaca sobre todo a cidade Pontevedra, con 70% de uso, mentres que Lugo e Ferrol, non acadan o 50%.

2.1 Rapaciñ@s e o uso de smartphone

Usou smartphone nos últimos 3 meses: nen@s de 5 a 15 anos




Fonte: OSIMGA + IGE Base: Persoas de 5 a 15 anos

Novamente, as tendencias por tamaños de poboación son dispares. Por tamaño, os municipios de rangos intermedios, de 5.000 a 20.000 habitantes, son os que superan o 60% de rapaciñ@s usuarios de smartphone.

2.1 Rapaciñ@s e o uso de smartphone

Uso de smartphone nos últimos 3 meses: nen@s de 5 a 15 anos






Fonte: Fonte: OSIMGA + IGE Base: Persoas de 5 a 15 anos

Os niveis macrocomarcais presentan situacións dispares no nivel de uso de smartphones por rapaciñ@s nos últimos tres meses, con diferenzas de ata 30 puntos porcentuais dunhas áreas a outras.

No uso do smartphone para conectarse a internet destacan as comarcas de Arzúa, Ordes e Terra de Melide, A Limia, Baixa Limia, Terra de Celanova, Verín, Pontevedra e Chantada, Quiroga e Terra de Lemos.

2.1 Rapaciñ@s e o uso doutros dispositivos móbiles (tablet, PDA, netbooks)

Uso doutros dispositivos móbiles nos últimos 3 meses: nen@s de 5 a 15 anos



Fonte: Fonte: OSIMGA + IGE Base: Persoas de 5 a 15 anos


En 2021, o 62,6% de rapaciñ@s xa usara dispositivos móbiles (excluídos ordenadores portátiles e smartphones), con capacidade de conexión a internet nos últimos tres meses. Na actualidade, na maioría dos casos tratarase de tablets pero tamén debe recordarse que existen aparellos de videoxogos portátiles con conexión a internet, netbook ou outros dispositivos máis minoritarios.

Neste indicador, ao contrario dos anteriores, a diferenza entre os menores e maiores de 10 anos é de só 3 puntos porcentuais (60,9% e 63,9%).

Nos tres últimos anos, o uso destes dispositivos para conectarse a internet aumentou un 11,8%.

2.1 Rapaciñ@s e o uso doutros dispositivos móbiles (tablet, PDA, netbooks)

Uso doutros dispositivos móbiles nos últimos 3 meses: nen@s de 5 a 15 anos




Fonte: Fonte: OSIMGA + IGE Base: Persoas de 5 a 15 anos

As diferenzas por xénero, no uso doutros dispositivos móbiles de rapaciñ@s é de menos dun punto porcentual. Esta paridade mantense nos menores de 10 anos e nos de 10 a 15 anos, lixeiramente a favor dos homes entre os máis pequenos e das mulleres nos segundos.

Nos dispositivos móbiles que non son ordenadores nin smartphones pasa exactamente o contrario que cos smartphones, o uso é máis de 20 puntos superior nos fogares con maior nivel de ingresos.

2.1 Rapaciñ@s e o uso doutros dispositivos móbiles (tablet, PDA, netbooks)

Uso doutros dispositivos móbiles nos últimos 3 meses: nen@s de 5 a 15 anos




Fonte: OSIMGA + IGE Base: Persoas de 5 a 15 anos

O nivel máis alto no uso de dispositivos de tipo tablet e similares sitúase nas provincias de Pontevedra (65,6%) e A Coruña (64,8%), mentres que Ourense e Lugo non superan o 55%.

Entre as grandes cidades, en Pontevedra o 82% de rapaciñ@s usan dispositivos dixitais, e tamén superan o 70% en A Coruña e Vigo.

2.1 Rapaciñ@s e o uso doutros dispositivos móbiles (tablet, PDA, netbooks)

Usou outros dispositivos móbiles nos últimos 3 meses: nen@s de 5 a 15 anos




Fonte: OSIMGA + IGE Base: Persoas de 5 a 15 anos

Por tamaños de poboación, a porcentaxe máis elevada doutros dispositivos móbiles (táblet, netbook...) obsérvase nos concellos de máis de 50.000 habitantes. Se be, cabe salientar que en segundo lugar sitúanse os concellos de menos de 5.000 habitantes.

2.1 Rapaciñ@s e o uso doutros dispositivos móbiles (tablet, PDA, netbooks)

Usou outros dispositivos móbiles nos últimos 3 meses: nen@s de 5 a 15 anos



No 2021, nos niveis macrocomarcais preséntanse situacións dispares no nivel de uso de dispositivos móbiles distintos a smartphones e ordenadores por parte dos rapaciñ@s.


Entre as áreas de maior uso deste tipo dispositivos cabe sinalar a Pontevedra, O Carballiño-Ribeiro, con valores superiores ao 75%.

Fonte: Fonte: OSIMGA + IGE Base: Persoas de 5 a 15 anos

2.1 Uso de diferentes dispositivos: Comparativa rapaciñ@s, mocidade e adultos



Usou outros dispositivos móbiles nos últimos 3 meses por idades




Fonte: OSIMGA + IGE Base: poboación de 16 a 74 anos

Comparando o uso dos anteriores dispositivos con mozo/as e adultos/as atopamos unha clara caracterización por idades.

O maior uso de smartphone e ordenador de sobremesa ou portátil sitúase na mocidade (16 a 34 anos). O uso de tablets, PDA e netbook é o único no que os/as rapaciñ@s superan ás demais franxas de idade.

2.1 Adultos: uso dispositivos segundo se hai rapaciñ@s no fogar.

Usou internet nos últimos tres meses: evolución




Fonte: Fonte: OSIMGA + IGE Base: Persoas de 16 a 74 anos

A presenza de nenos en idade escolar obrigatoria no fogar tamén incide no uso de dispositivos electrónicos, superando en todos os dispositivos á media que se rexistra nos fogares onde non conviven con nenos/as e presentan diferenzas de entre 9,2 e 18,2 puntos porcentuais.





2.2 Uso de internet

2.2 Uso de internet: rapaciñ@s



Usou internet nos últimos tres meses: Nenos/as de 5 a 15 anos



Fonte: Fonte: OSIMGA + IGE Base: Pessoas de 5 a 15 anos


En 2021, o 90,3% de rapaciñ@s de 5 a 15 anos xa se conectaron algunha vez a internet e o 88,7% fíxoo nos tres últimos meses.

O incremento é continuo cada ano da serie histórica. No 2021 aumentou nun 2,5% a porcentaxe de rapaciñ@s que navegou por internet nos últimos tres meses respecto ao ano anterior.

Por idades, a práctica totalidade dos nenos/as de 10 a 15 anos empregan internet mentres que no caso dos rapaces/as máis novos de 5 a 9 anos, a porcentaxe de uso de internet sitúase no 79,1%.

2.2 Uso de internet: rapaciñ@s

Frecuencia do uso de internet nos últimos tres meses: Nenos/as de 5 a 15 anos




Fonte: Fonte: OSIMGA + IGE Base: Persoas de 5 a 15 anos

No que se refire á frecuencia de uso de internet, cabe salientar que o 56,5% de rapaciñ@s de 10 a 15 anos xa navegan a diario varias veces. Se lles sumamos tamén os/as que navegan 5 ou máis días á semana, obsérvase que un 78,5% de rapaciñ@s de 10 a 15 anos navegan 5 días ou máis á semana.

En cambio, entre os de 5 e 9 anos, a distribución de respostas é máis dispersa. A frecuencia máis mencionada é “todas as semanas, menos de 5 días á semana”, co 35,8%. O 37,6% navega 5 ou máis días á semana por internet.

2.2 Uso de internet: rapaciñ@s

Usou internet nos últimos tres meses: Nenos/as de 5 a 15 anos



Fonte: Fonte: OSIMGA + IGE Base: Persoas de 5 a 15 anos


O uso de internet é lixeiramente maior entre os rapaces, con 1,8 puntos porcentuais de vantaxe respecto das rapazas.

Prodúcese unha incorporación máis rápida dos rapaces á rede, xa que entre os 5 e 9 anos, os nenos avanta a ás nenas en 6,3 puntos porcentuais no uso de internet pero dos 10 aos 15 anos, a vantaxe desaparece e mesmo invértese lixeiramente a prol da rapazas (1 punto porcentual).


As diferenzas no uso da internet por nivel socioeconómico son reducidas, 0,5 puntos no uso de internet.

2.2 Uso de internet: rapaciñ@s

Uso internet nos últimos tres meses



Nos concellos con maior número de habitantes




Fonte: Fonte: OSIMGA + IGE Base: Persoas de 5 a 15 anos

Por provincias, novamente volve a destacar Pontevedra, liderando a dixitalización da xente máis nova, dado que o 91,3% de rapaciñ@s de 5 a 15 navegaron por internet nos últimos tres meses.

Entre os concellos galegos con maior número de habitantes, Pontevedra, Vigo e A Coruña superan o 90% de rapaciñ@s que se conectaron a internet nos últimos tres meses.

2.2 Uso de internet: rapaciñ@s

Usou internet nos últimos tres meses: Nenos/as de 5 a 15 anos




Fonte: Fonte: OSIMGA + IGE Base: Persoas de 5 a 15 anos

En 2021 os niveis de cohesión territorial continúan a ser bos na incidencia do uso a internet de rapaces e rapazas de 5 a 15 anos. En todos os estratos de poboación supérase o 87,3% de usuarios/as nos últimos tres meses.

2.2 Uso de internet: rapaciñ@s

Usou internet nos últimos tres meses



As comarcas con máis proporción de rapaciñ@s que se conectaron a internet algunha vez presentan perfís moi variados, xa que algunhas son de carácter máis rural e outras urbanas. Os rapaciñ@s que navegaron máis por Internet nos últimos tres meses, con máis do 90% de uso, son:


- Pontevedra (95,7%)
- Caldas e O Salnés (94,7%)
- O Barbanza e Noia (93%)
- Vigo (92,3%)
- Paradanta, Baixo Miño e O Condado (91,9%)
- Ferrol, Eume e Ortegal (91,9%)
- Chantada, Quiroga e Lemos (91,3%)
- Arzúa, Ordes e Terra de Melide (90,4%)

Fonte: Fonte: OSIMGA + IGE Base: Persoas de 5 a 15 anos

2.2 Uso de internet: rapaciñ@s

Usou internet nos últimos tres meses

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)




Fonte: Fonte: OSIMGA + IGE Base: Persoas de 16 a 74 anos

Continúa a crecer o uso de internet por parte de adultos que conviven con nenos en idade escolar e superan en 10,2 puntos porcentuais aos adultos que non conviven con rapaciñ@s.

2.3 Uso de internet: evolución e comparación por tramos de idade

Usou internet nos últimos tres meses: evolución



Fonte: Fonte: OSIMGA + IGE Base: Persoas de 5 a 74 anos


O uso de internet no últimos tres meses acada o máximo valor entre os 16 e 34 anos. Non obstante, os/as rapaciñ@s superan no nivel de uso de internet ao rango de 35 a 74 anos.



2.3 Comparación por edades

2.3 Comparación por idades: uso de dispositivos electrónicos

Usou algún dispositivo electrónico nos últimos tres meses: comparación por idades



Fonte: Fonte: OSIMGA + IGE Base: Persoas de 5 a 74 anos


Dispositivos electrónicos: teléfono móbil con capacidade de acceso a internet, ordenador de sobremesa, portátil, tablet... nos últimos 3 meses

Os/as rapaciñ@s incorpóranse plenamente ao uso dos dispositivos electrónicos a partir dos 10 anos, cun uso xa case universal (98,9%).

A partir dos 10 anos, todos os tramos se manteñen en valores moi altos no uso de dispositivos dixitais, superiores ao 96,9%, ata os 54 anos.

2.3 Comparación por idades: uso de ordenador

Usou ordenador nos últimos 3 meses




Fonte: Fonte: OSIMGA + IGE Base: Persoas de 5 a 74 anos

O nivel medio de usuari@s de ordenadores entre rapaciñ@s é practicamente idéntico ao da poboación xeral. Se ben, este indicador acada o seu punto máis elevado entre os 16 e 24 anos, co 92,8%,

2.3 Comparación por idades: o uso do smartphone

Uso de Smartphone nos últimos tres meses: comparación por idades





Fonte: Fonte: OSIMGA + IGE Base: Persoas de 5 a 74 anos

O uso de smartphones polos rapaciñ@s xa supera o 59%, cunha notoria diferenza entre os menores de 10 anos (33%) e os de 10 a 15 anos (79,2%).

Os niveis máximos de uso do móbil mantense elevados, por riba do 96%, ata os 54 anos.

2.3 Comparación por idades: uso doutros dispositivos portátiles

Usou outros dispositivos dixitais con capacidade de conexión a internet nos últimos tres meses: comparación por idades




Fonte: Fonte: OSIMGA + IGE Base: Persoas de 5 a 74 anos

No 2021, o uso doutros tipos de dispositivo portátil, como tablet ou netbook, entre os/as rapaciñ@s é máis de 25 puntos porcentuais superior ao da poboación global.

Tanto no tramo de 5 a 9 anos como de 10 a 15 supérase o 60% de uso doutros dispositivos portátiles, cifra moi superior a calquera outro rango de idade.

2.3 Comparación por idades: uso de internet

Usou internet nos últimos 3 meses: comparación por idades



Fonte: Fonte: OSIMGA + IGE Base: Persoas de 5 a 74 anos

En 2021, a porcentaxe de rapaciñ@s que utilizou internet nos últimos tres meses é case idéntica á de adultos.

A porcentaxe de usuarios/as é elevado, por riba do 96%, dende os 10 anos ata os 54 anos.



3. Acceso aos equipamentos educativos dixitais



3.1 Equipamentos e medios nos fogares dos rapaciñ@s


3.1 Equipamentos nos fogares con rapaciñ@s



O 95,2% dos fogares onde residen nenos/as en idade escolar contan con ordenadores, superando en 21,6 puntos porcentuais aos fogares onde non conviven con nenos/as en idade escolar

Fogares con ordenador

(% sobre o total de fogares)



Fonte: OSIMGA + IGE Base: fogares onde residen persoas de 16 a 74 anos


En 2021, a convivencia con nenos/as en idade escolar obrigatoria continúa a ser un factor que incide nunha maior presenza de equipamentos e dixitalización dos fogares.

Nos fogares onde residen nenos/as en idade escolar, a presenza de ordenadores supera á media do resto de fogares en 21,6 puntos porcentuais.

3.1 Fogares dixitalizados

Equipamentos TIC dos fogares

(% sobre o total de fogares)



Fonte: OSIMGA + IGE Base: fogares onde residen persoas de 16 a 74 anos

A presenza de menores en idade escolar repercute de xeito positivo, non só na dispoñibilidade de ordenadores no fogar, senón tamén en todo o equipamento TIC nos fogares galegos.


A maior diferenza, de 32,6 puntos porcentuais, está na presenza de tablets, netbooks e outros dispositivos portátiles diferentes aos ordenadores e smartphones. Tamén nos últimos dispositivos incorporados á lista, altifalantes intelixentes e dispositivos de seguridade con conexión a internet, a presenza nos fogares con rapaciñ@s é case o dobre respecto aos que non.

3.1 Fogares con internet



Nos fogares con nenos/as en idade escolar (dos 3 aos 16 anos), a porcentaxe de contratación de Internet acada o 99,6%, superando a media autonómica en 7,4 puntos porcentuais.

Fogares con conexión a internet



Fonte: OSIMGA + IGE Base: fogares onde residen persoas de 16 a 74 anos

A contratación de Internet está estreitamente relacionada coa convivencia de nenos/as en idade escolar.


O acceso a Internet contratado esténdese a case totalidade dos fogares onde residen nenos/as en idade escolar obrigatoria, acadando o 99,6% e superando en 9,6 puntos a porcentaxe de fogares onde non residen estes menores.



3.2 Equipamentos dixitais nos centros educativos de Galicia

3.2 Equipamentos nos centros educativos e teleformación

Centros educativos con conexión a internet e velocidade superior a 100 Mbps




Fonte: Subdirección General de Estadística y Estudios del Ministerio de Educación y Formación Profesional. Base: centros educativos públicos e privados, curso 2020-21

A conexión a internet xa é universal nos centros educativos, pero a velocidade de conexión presenta importantes contrastes por comunidades autónomas.

Galicia ocupa 4º lugar en porcentaxe de centros educativos con velocidade de conexión superior a 100 Mbps. Supera á media do Estado en máis de 37 puntos porcentuais.


3.2 Equipamentos nos centros educativos e teleformación



Fonte: Subdirección General de Estadística y Estudios del Ministerio de Educación y Formación Profesional. Base: centros educativos públicos e privados, curso 2020-21

No curso 2020-2021, Galicia situouse no terceiro posto a nivel estatal na ratio de ordenadores por alumno nos centros educativos ao dispoñer dun ordenador por cada 1,7 alumnos, só superada polo País Vasco e Extremadura. A media estatal sitúanse en 2,5 alumnos por ordenador

3.3 Equipamentos nos centros educativos e teleformación




Fonte: Subdirección General de Estadística y Estudios del Ministerio de Educación y Formación Profesional. Base: centros educativos públicos e privados, curso 2020-21. Datos non disponibles para a comunidade autónoma de Cataluña

Os sistemas dixitais interactivos significan que as aulas están dotadas dunha serie de elementos dixitais integrados con conexión á rede e operables a través dun ordenador ou dispositivo dixital: pizarras virtuais, sistemas de son, monitores de televisión, etc.

Galicia supera á media estatal de aulas dotadas de SDI en 4,4 puntos porcentuais, acadando o 70,2% e ocupando así o 6º posto.

3.3 Equipamentos nos centros educativos e teleformación



O Entorno Virtual de Aprendizaxe (EVA) é un espazo educativo aloxado na web, un conxunto de ferramentas informáticas que posibilitan a interacción didáctica de xeito que o alumno poida desenvolver labores propias da docencia como realizar preguntas, exercicios, ler documentos...

Galicia é líder estatal en porcentaxe de centros con EVA, mellorando a media estatal en 22,4 puntos porcentuais.



4. Conclusiones

4. Conclusións



O nivel de dixitalización dos rapaciñ@s galegos en 2021 é moi alto. O 91,5% utilizou dispositivos electrónicos nos últimos 3 meses, e acada o 98,9% dos 10 aos 15 anos.

En todos os indicadores de dixitalización, as diferenzas de xénero d@s rapaciñ@s son mínimas ou nulas pero os rapaces tenden a dispoñer antes de accesoba algúns dispositivos porque o uso é maior dos 5 aos 9 e iguálase dos 10 aos 15.



O 64,6% dos rapaciñ@s usou ordenador nos últimos tres meses e case todos/as utilizárono para conectarse a internet. O smartphone foi utilizado polo 59,4% dos rapaces/as de 5 a 15 anos e a porcentaxe supera o 75% entre os rapaces/as de 10 a 15 anos. Outros dispositivos móbiles, na maioría dos casos tablets, con capacidade de conexión a internet foron usados polo 62,6% dos rapaciñ@s.



Máis dun 90% de rapaciñ@s accederon algunha vez a internet e o 88,7% fíxoo nos tres últimos meses, un 2,5% máis ca en 2020. Este indicador acada o 97,9% entre os nenos/as de 10 a 15 anos.

No que se refire á frecuencia de uso de internet, cabe salientar que o 56,5% de rapaciñ@s de 10 a 15 anos xa navegan a diario varias veces. Se lles sumamos tamén os/as que navegan 5 ou máis días á semana, obsérvase que un 78,5% de rapaciñ@s de 10 a 15 anos navegan 5 días ou máis á semana.




Galicia está entre as comunidades cos fogares e centros educativos mellor equipados para a educación dixital

No curso 2020-21, Galicia situouse no terceiro posto a nivel estatal na ratio de ordenadores por alumno nos centros educativos.

Galicia é líder estatal en porcentaxe de centros educativos que dispoñen de Entornos Virtuais de Aprendizaxe, mellorando a media estatal en 22,4 puntos porcentuais.





5. Outros estudos OSIMGA de referencia

5. Outros estudos OSIMGA de referencia



Este informe de periodicidade anual avalía a evolución da dixitalización na sociedade galega. Foi realizado no marco do convenio asinado entre a Amtega e o IGE, a partir dos datos recollidos na “Enquisa Estrutural a fogares” do Instituto Galego de Estatística e posteriormente analizados polo OSIMGA.

<http://www.osimga.gal/gl/informes/galicia-nosa-vida-en-dixital-edicion-2021>



O estudo das Competencias dixitais da poboación galega permitiu medir, coa metodoloxía utilizada a nivel internacional, os diferentes desempeños da poboación galega en habilidades relacionadas coa información, comunicación, resolución de problemas e software.

É un estudio clave para medir o estado actual e as necesidades para o establecemento do marco común do novo certificado co que as persoas de Galicia poderán acreditar as súas competencias dixitais. O Marco galego de competencias dixitais establece os criterios para avaliar e certificar os coñecementos e as habilidades para os novos contextos dixitais da cidadanía. Nesta aposta, Galicia é a primeira comunidade en adaptar a normativa aos criterios do Marco europeo de competencias dixitais para a cidadanía.

<http://www.osimga.gal/gl/informes/competencias-dixitais-da-poboacion-galega-ano-2020>



Este estudo permitiu identificar os perfís dixitais presentes no tecido empresarial galego e detectar a demanda de novas especializacións, especialmente no ámbito das tecnoloxías disruptivas. Analiza as tendencias educativas prestando especial atención nas relacionadas coa dixitalización.

Presta especial atención ao papel que desenvolven no mercado laboral as persoas con titulacións STEM (Ciencias, Tecnoloxía, Matemáticas e Enxeñarías).

<http://www.osimga.gal/gl/informes/talent-dixital-estudo-da-traxectoria-profesional-dos-perfis-stem-de-galicia>



Este informe anual serve para analizar comparativamente os principais indicadores que definen as diferenzas de xénero no acceso e uso das tecnoloxías da información e da comunicación en Galicia. Estudar a influencia do hábitat na fenda dixital segundo o sexo.

Baséase na enquisa estrutural a fogares do IGE, e a Encuesta sobre Equipamiento y Uso de Tecnologías de Información y Comunicación en los Hogares (INE).

<http://www.osimga.gal/gl/informes/sociedade-da-informacion-en-galicia-desde-unha-perspectiva-de-xenero-edicion-2020>



AXENCIA PARA A
MODERNIZACIÓN
TECNOLÓXICA DE GALICIA



OBSERVATORIO
DA SOCIEDADE DA INFORMACIÓN
E A MODERNIZACIÓN DE GALICIA



Xacobeo 21-22